



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2018.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dezaeito de outubro de dous mil dezaeito; as dez horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado oito de outubro do dous mil dezaeito (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Outorgamento licenza de obras 56/2018 RIB / NS/40.4/01

Visto o escrito presentado por **Dona María Sagrario Rodríguez Meiriño**, onde solicita Licenza de Obras para “ Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación. Maio 2018” dunha vivenda firmado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez, con data de visado de 8 de xuño de 2018.

Consta Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación. Maio 2018” dunha vivenda firmado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez, con data de visado de 8 de xuño de 2018.

Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 11 de outubro de 2018.

Consta informe do Secretario municipal de data de outubro de 2018.

A Xunta de Goberno Local acorda :

Conceder licenzia a Dona María Sagrario Rodríguez Meiriño para “ Proxecto básico e de Execución de Rehabilitación. Maio 2018” dunha vivenda firmado polo arquitecto don Luis Antonio Chao Gómez , con data de visado de 8 de xuño de 2018 en Travesía de Santiago I,nº4-Travesía da Madalena nº 3,Ribadavia,debendose colocar os contadores de auga e de electricidade no interior da edificación.

Autorízase a concesión de excepcionalidade do cumprimento das normas de habitabilidade , segundo o establecido no Decreto 29/2010 nos seguintes elementos:

- Protección de vistas dende a rúa da cociña comedor.
- Superficie de iluminación e ventilación da cociña comedor.
- Superficie de iluminación e ventilación do estar.
- Superficie útil mínima do estar.
- Superficie útil mínima do dormitorio.
- Superficie útil mínima do cuarto de baño.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licenzas outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

***Caducidade:** A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

***Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Vivenda.*

***Contía na que se orzan as obras:** 33.961,86 €*

***Situación e emprazamento das obras:** Travesía de Santiago I,nº4, Travesía da Madalena nº 3, Ribadavia..*

***Nome ou razón social do promotor:** Dona María Sagrario Rodríguez Meiriño.*

***Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses e o prazo de remate de dezoito (18) meses, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

OUTRAS CONDICIONS.-

-Antes do inicio das obras , deberá presentarse os correspondentes Oficinos de Dirección de Obras, de Dirección de execución das obras e de coordinación en seguridade e saúde.

Estarase ao disposto na Autorización do Control arqueolóxico do Servizo de Coordinación da Area Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

DEVOLUCION DE TAXA

Visto o escrito de **Don Eugenio Fernández Justo**, con domicilio na rúa Fonte Barreiros nº 4, O Carballiño, no que solicita a renuncia a matrícula da Escola de Música, especialidade Saxofón, por motivos personais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado. Que se proceda a devolver as taxas aboadas para o curso 2018-19. Que se dé traslado do presente acordo o interesado e os servicios de Intervención de Tesourería.

-Escrito da directora do CRA AMENCER , solicitando en base a acordo do consello escolar a realización dunha serie de arranxos nas escolas de San Paio, Francelos e San Cristovo.

A xunta de goberno acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes escritos:

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando o cambio de titular do establecemento denominado Café Bar Calvo sito na rúa Virxe do Portal 5, pasando a don Rubén Calvo Calviño.

-Escrito da Axencia de Turismo de Galicia comunicando a inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia do restaurante denominado Ribadavia sito en rúa A Quinza a nome de Restaurante Quinza SL.

-Escrito de Augas de Galicia achegando o informe da avaliación do funcionamento da EDAR, sendo os aspectos máis salientables:

-As dúas mostras de auga tratada tomadas no período obxecto do informe cumpriron tanto os límites da Directiva 91/271/CEE como da Autorización de vertido.

-Escrito da Deputación Provincial comunicando a aplicación de herbicida leñoso sobre as acacias xa desbrozadas en estradas do termo municipal.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACION DO PADRON DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DAS BEIRARRUAS E AS RESERVAS DE VIA PUBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE.-

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Padrón da Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancias de calquera clase, exercicio 2018, por importe de 10.378,64 euros. Así mesmo acordase establecer como período de cobro entre os días 1 de novembro e o 31 de decembro de 2018.

APROBACION DO PADRON COBRATORIO DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo aproveitamento especial de terreos de dominio público con caixeiros automáticos, instalados na fachada de establecementos bancarios e con acceso directo dende a vía pública, exercicio 2018, por importe de 8.760 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 1 de Novembro e o 15 de decembro de 2018”.

CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA DENOMINADA “ADECUACION E MELLORA DOS ACCESOS INTERIORES AO CEMITERIO DE RIBADAVIA”.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 1 e Final da obra denominada “Adecuación e mellora dos accesos interiores ao cemiterio de Ribadavia”, redactada pola Técnico Director da Obra Don Enrique Otero González, executado pola empresa Mial Cifer S.L. por un importe total de 44.770 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 1 e Final, anteriormente indicada por importe de 44.891 euros, aboamento que se fará con cargo as aportacións da Axencia Galega de Turismo e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Mial Cifer S.L.co nº 0000015 de data 17.10.2018, pola mesma cantidade.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes:

Logo do acordo da xunta de goberno local de 5 de setembro de 2018, rematadao o prazo de presentación da xustificación das cantidades concedidas.

Comprobada a documentación presentada ao abeiro do recollido nas bases da convocatoria publicada no BOP de 18 de abril de 2018.

Os xustificantes de gasto presentadao polas entidades cumpren co recollido nas bases da convocatoria axuntandose aos gastos subvencionables.

Polo que procede o pagamento das cantidades concedidas según resolución definitiva aprobada pola Xunta de goberno local de 5 de setembro de 2018.

A xunta de goberno local por unanimidade acorda:

Aprobar o pago das seguintes subvencións as seguintes entidades e nas seguintes contías:

RIBADAVIA ATLÉTICO	424,2 €
I.D SARMIENTOS	742,35 €
CLUB MARUSIA RIBADAVIA	1360,97€
ASOC. DEP, CULT, RIBEIRO	883,75€
ESCOLA BALONMAN RIBADAVIA	1396,32€
RIBEIRO FÚTBOL CLUB	1307,95€
AGRUPACIÓN DEPORTIVO NATURAL	883,75 €

AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR DO CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O CURSO ESCOLAR 2018-2019.

Examinadas as solicitudes presentadas e vistos os informes sociais da traballadora social e baremo recollido nas bases das **axudas para material escolar do Concello de Ribadavia para o curso escolar 2018-2019**, e facendo uso das atribucións que lle confiren as disposicións vixentes, esta Alcaldía, acorda o seguinte:

A CONCESIÓN DA AXUDA OS SEGUINTE BENEFICIARIOS E CUANTÍAS:

Ana Isabel Rodríguez Medela : 50€

Ana María Alonso Araujo : 50€

Andreia Raquel Veras Pereira : 59.58€

Cidalia Gómez Martínez : 50€

Julia María Gulín Rivera : 80€

Juventino Fernández Sobrino : 50€

Lahad Fall (2 nenos/as): 100€

Lorena Rodríguez Cons : 80€

María del Carmen Fernández Cendón : 27.40€

María del Pilar Viñas Sobrino : 50€

Marta Araujo Montero : 50€

Miriam Bouzas Fernández (2 nenos/as): 160€

Sandra María Picos Ulloa : 50€

Silvia Vidal Fidalgo : 50€

Tito Rodríguez Martínez: 50€

Yosune Martínez Cabral : 50€

Total 1.006,98€

A DENEGACIÓN DA AXUDA DAS SEGUINTE SOLICITUDES:

Carlos González Fernández - Superar o importe económico máximo do baremo establecido nas bases.

María Vidal Fidalgo - Superar o importe económico máximo do baremo establecido nas bases.

SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN PARCIAL DE ICIO

En data de 2 de outubro de 2018 achegase modificado de presuposto de Proxecto técnico para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas, visado nº V180110-A1 de data 28/09/2018 , asinado polo enxeñeiro técnico industrial Esteban Campos Montero nº Colexiado 393. Acompañase o presuposto modificado de escrito no que se sinala:

“ Revisado o proxecto detéctase un erro que afecta ao presuposto da construción, no cal se duplica a unidade de obra correspondente ao pavimento exterior da actuación....

Adxúntase ao presente anexo, presuposto reformado resultando un presuposto de execución material de cento sesenta e cinco mil corenta e dous euros con trinta e dous céntimos (165.042,32 euros)

Solicítase polo tanto a devolución da parte proporcional de pago da licenza de obra correspondente á cantidade duplicada de 12.520,80 euros”

Visto o informe da arquitecta municipal de data 15 de outubro de 2018 no que se indica:

“A xunta de goberno local na súa sesión celebrada o día 23 de xullo de 2018, outorgou licenza de obras a Esteban Campos Montero en representación de DISTRIGONFA SL para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas.

Revisado o presuposto do Proxecto Técnico para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas, observo que aparece por duplicado a partida correspondente ao pavimento de formigón exterior, partida que ascende á cantidade de 12.520,80 euros. Dita partida está incluída no capítulo V Pavimento e no capítulo 9 Cerre perimetral e acceso a urbanización .

Polo tanto , o presuposto de Execución Material do Proxecto Técnico para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas estimando debería ser de 165.042,32 (cento sesenta e cinco mil corenta e dous euros con trinta e dous céntimos).

Considerando que o imposto de construcións, instalacións e obras correspondentes a partida duplicada é de 325,54 euros.

Visto o artigo 32 da Lei Xeral Tributaria :” A administración tributaria devolverá aos obrigados tributarios, aos infractores ou aos seus sucesores os ingresos que indebidamente se tiveran realizado no tesoro público , con ocasión do cumprimento das súas obrigas tributarias ou do pago de sancións consonte ao establecido no artigo 221 de esta lei”

A xunta de goberno acorda devolver a don Esteban Campos Montero en representación de DISTRIGONFA SL a contía de 325,54 euros en concepto de devolución de ingresos indebidos polo erro no presuposto da obra concedida por Xunta de Goberno de 23 de xullo de 2018 para construción de nave para distribución e venta ao por maior de bebidas.

AMPLIACIÓN TEMPORAL DE XORNADA DA POLICIA LOCAL

Vista a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local:

Artigo 4.1 En su calidad de administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera de sus competencias, corresponden en todo caso aos municipios:

- a) a potestade de autoorganización.

Artigo 94 A xornada de traballo dos funcionarios da administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado.

Aplicaranselle as mesmas normas sobre equivalencia e redución de xornada.

Visto o Texto Refundido do Estatuto básico do empregado público, artigo 44:

As administracións públicas establecerán a xornada xeral e as especiais de traballo dos funcionarios públicos. A xornada de traballo poderá ser a tempo completo ou parcial.

Vista a Lei 4/2007 de coordinación de policía locais de Galicia, artigo 55:

1 Os membros dos corpos de policía local cumprirán estritamente a xornada e o horario de traballo que se determinen polo órgano competente.

2 En situacións excepcionais, cando se produzan feitos ou emerxencias que así o esixan, os funcionarios poderán ser requeridos para o servizo fóra da súa xornada de traballo.

3 En caso de que as necesidades extraordinarias do servizo obligarán a prolongar a súa prestación, terán que cumplimentarse as ordes referidas ao respecto, sen prexuízo da compensación que proceda polo exceso de xornada realizado na forma que se determine regulamentariamente.

Vista a Lei 6/2018 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, Disposición Adicional centésima cuadragésima :

Uno. A partir da entrada en vigor de esta lei, a xornada de traballo xeral no sector público computarase en contía anual e suporá un promedio semanal de trinta e sete horas e media , sen prexuízo das xornadas especiais existente ou que, no seu caso se establezan.

Vista a Sentenza do Tribunal Supremo de data 30 de xaneiro de 1998, ditada en recurso de casación en interese da lei, ponente Goded Miranda:

“ En consecuencia debemos fijar como doctrina legal la siguiente: El complemento de productividad, cuando así lo hayan establecido las competentes autoridades administrativas , constituye un concepto que la Administración puede utilizar , junto a los demás que vienen determinados legalmente, para retribuir la prestación de una jornada de trabajo de 40 horas semanales , superior a la jornada ordinaria de 37 horas y media.”

Considerando que dada a situación de servizo de dous policía locais en outro concello e a existencia dunha baixa previsiblemente prolongada, impide atender o servizo coas garantías requiridas.

Considerando que , trátase dunha situación de urxente necesidade, motivada por circunstancias alleas ao concello, e como medida de carácter provisional, en tanto se adoptan medidas de provisión de efectivos que permitan solventar de forma definitiva a situación.

Considerando que as anomalías na prestación do servizo son susceptibles de xerar responsabilidade na alcaldía en canto responsable último do servizo.

Vista a “ proposta de reestructuración de servicios de la policía local” presentada con número de rexistro de entrada 4703 de 9 de outubro de 2018.

ACORDASE :

-Propoñer aos funcionarios da Policía Local de Ribadavia que de forma voluntaria queiran acollerse a ampliación da xornada ata as 40 horas semanais, e , con previsibles prestacións adicionais , para poder atender o servizo coas garantías necesarias, o que compensará economicamente a través do complemento de produtividade.

-Deixar sen efecto, revogar :

Acordo da xunta de goberno local de 22/01/2007 de plus de nocturnidade e festividade policía local.

Acordo da xunta de goberno local de 26 /01/2007 plus nocturnidade e festividade policia local

Acordo de modificación do réxime de computo de festividade de 27 de decembro de 2013

Acordo da xunta de goberno local de 27 de marzo de 2017 de reestructuración de servizos da policia local

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº11/18.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº11/18, por importe de 17.340 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e cincoenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE